

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Centros Integrados de Formación Profesional**Procedemento PR85PRO****Programación**

Versión	Descrición	Data
01	Edición inicial	01/09/2017
02	Concretáronse os estados da programación relacionados coa xefatura de departamento e equipo docente establecidos segundo a normativa. Incorpórase o modelo "MD85PRO08 Programación do módulo de proxecto" á información documentada.	01/09/2020
03	Incorpórase o modelo "MD85PRO09 Memoria de módulo FCT" á información documentada.	01/09/2021



Índice

1	Obxecto.....	3
2	Ámbito de aplicación.....	3
3	Misións e responsabilidades.....	3
4	Desenvolvemento do proceso.....	4
	4.1 Organización previa.....	4
	4.2 Elaboración das programacións.....	4
	4.3 Información sobre a programación.....	5
	4.4 Seguimento da programación.....	5
	4.5 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso.....	5
5	Información documentada.....	7

1 Obxecto

Elaborar as Programacións didácticas e as Memorias dos distintos módulos de maneira coordinada entre os membros do departamento, homoxeneizalas, facelo de acordo a un modelo común e entregalas en prazo e forma de xeito que poidan servir de instrumento fundamental de referencia didáctica no proceso de ensino - aprendizaxe.

2 Ámbito de aplicación

Todo o profesorado do CIFP en tódolos niveis educativos de formación profesional regrada que constan na súa oferta educativa e que se imparten no mesmo.

3 Misións e responsabilidades

Xefatura de estudos

- Supervisar a entrega de memoria e programación en prazo e forma.
- Coordinar propostas para a elaboración das programacións.
- Enviar as programacións e as memorias a Inspección Educativa, identificando no envío tanto as programacións concretas enviadas (LOXSE) como o soporte no que van (papel, formato dixital, etc.) e tamén o seu estado de revisión, gardando unha copia desta identificación.

Xefatura de departamento

- Formular propostas para a redacción das programacións da área correspondente.
- Supervisar a elaboración e entrega das programacións segundo o modelo establecido, evitando solapamentos e lagoas nos contidos dos currículos e homoxeneizando os contidos, procedementos, instrumentos e criterios de avaliación e cualificación.
- Velar porque ó alumnado se lle dea a coñecer a información relativa a programación e que se manteña unha copia completa a disposición do mesmo, nun lugar de fácil acceso (na biblioteca, na web do CIFP, etc).
- Realizar o seguimento das programacións, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- Redactar e presentar a programación e memoria do departamento e revisar e emitir informes sobre as programacións das ofertas formativas, de ser o caso.
- Recoller mediante a folla de control de entrega de memorias (MD85PRO06) as memorias de módulo.

Equipo Docente

- Formular ás xefaturas dos departamentos correspondentes propostas relativas a elaboración da programación.
- Cooperar na elaboración das programacións da ensinanza, antes da data de comezo do curso.
- Reunirse unha vez ao mes, segundo calendario publicado pola xefatura da área de formación, e unha delas –polo menos- para realizar o seguimento das programacións de cada módulo.



- Adaptar coas debidas xustificacións as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención e, no caso de que o progreso dun alumno ou alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, adoptar as oportunas medidas de reforzo educativo.

Titoría da ensinanza

- Exercer a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Recoller as memorias finais de módulo (MD85PRO04 Memoria final de módulo) e elaborar a memoria final de ciclo nos modelos MD85PRO05 e MD85PRO07 memoria final de ciclo, ou aplicación informática que conteña os mesmos ítems.

Profesorado

- Elaborar e entregar as programacións dos módulos que imparte.
- Cumprir a programación dos módulos que imparte
- Dar ao alumnado a información relativa a programación con especial referencia aos obxectivos, os mínimos esixibles e os criterios de avaliación e cualificación.
- Realizar e entregar (de non realizarse mediante a aplicación) á titoría da ensinanza correspondente –en prazo e forma- a memoria final do módulo.

4 Desenvolvemento do proceso

4.1 Organización previa

Ao comezar o curso –e unha vez establecidos o cadro de profesorado e a oferta educativa do CIFP- na primeira reunión dos distintos departamentos docentes a xefatura dos mesmos procederá o reparto dos módulos, explicará aos seus membros –en especial aos novos- o proceso a seguir para a realización das programacións e –se é o caso- coordinará a homoxeneización dos contidos mínimos esixibles, instrumentos e criterios de avaliación e criterios de cualificación naqueles módulos do mesmo ciclo ou nivel educativo, e tanto na mesma quenda, como en quendas diferentes.

Destes acordos deixarase constancia na acta de reunión do departamento (MD74CIN02).

Ao remate do curso deixarase constancia das actuacións realizadas no modelo Memoria final de curso do departamento (MD81PLA06) segundo o descrito na Planificación docente do curso escolar (PR81PLA).

4.2 Elaboración das programacións

O profesorado elaborará a programación dos seus módulos ou materias mediante a plataforma <http://www.edu.xunta.es/programacions> ou (de ser o caso) segundo o modelo establecido na Programación de módulo (MD85PRO01) en colaboración cos restantes membros do equipo docente e baixo a supervisión da titoría da ensinanza.

A programación de módulo pecharase na data indicada pola administración (ou entregada a Programación de módulo -MD85PRO01- de ser o caso).

A xefatura do departamento supervisará o proceso de entrega de programacións antes da data indicada por xefatura de estudos, (ou revisarao mediante a Folla de Control de entrega das programacións -MD85PRO02-), e informará á xefatura de estudos.

A xefatura de estudos supervisará o proceso de entrega de programacións antes da data indicada por inspección educativa. No caso de programacións que non se incorporen á plataforma se cumpren os

requisitos aprobaraas mediante a súa sinatura de visto e prace na mesma folla de control e enviaraas –se procede– a Inspección educativa no soporte que esta indique.

Quedaré constancia deste envío cun oficio, en formato libre.

4.3 Información sobre a programación

O profesorado explicará o alumnado na primeira semana de clase a Programacións de módulo de cada módulo que imparta e informaralles onde a teñen a súa disposición para consulta, segundo a sistemática prevista polo departamento. Sendo en todo caso facilmente accesible (biblioteca, páxina web, aula, etc.).

4.4 Seguimento da programación

O seguimento das programacións será rexistrada por cada docente na aplicación <http://www.edu.xunta.es/programacions> ou no MD85PRO03, tratando o citado seguimento nas reunións de equipo docente e nas reunións de Departamento.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente no seguimento da aplicación ou no correspondente modelo de Seguimento da programación (MD85PRO03), quedando constancia na acta de reunión do equipo docente e do Departamento da familia profesional (MD74CIN02).

Ao final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD85PRO04 ou aplicación informática correspondente) na que se incluírán tódalas propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso. Estas memorias entregaranse –en prazo e forma– á titoría da ensinanza, que as incluírá na Memoria final do ciclo (MD85PRO05, MD85PRO07) ou no arquivo ou aplicación correspondente, e a xefatura de departamento correspondente.

Os datos cuantitativos contidos nestas memorias poderían ser substituídos por un Informe obtido a partir da aplicación informática, que se anexaría a mesma.

A xefatura de departamento controlará o proceso, supervisará as distintas memorias mediante a Folla de control de entrega das Memorias (MD85PRO06) e entregarallas á xefatura de estudos quen, se cumpren os requisitos, aprobaraas mediante a súa supervisión e (de non realizarse coa aplicación) sinatura de visto e prace na mesma Folla de control de entrega das Memorias (MD85PRO06) e procederá a informar á Inspección do mesmo xeito que as programacións.

4.5 Táboa resumo do desenvolvemento do proceso

Actividade	Responsables	Recursos	Calendario	Rexistro
Organización previa <ul style="list-style-type: none"> Asignación de responsables para a confección de programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de departamento da familia profesional (X.D.) 		<ul style="list-style-type: none"> 1ª quincena setembro 	<ul style="list-style-type: none"> Acta do departamento (MD74CIN02)
Homoxeneización das programacións	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de departamento da familia profesional Profesorado correspondente 	<ul style="list-style-type: none"> Currículo Programación (MD85PRO01) Memoria final de módulo do ano anterior (MD85PRO04 ou arquivo ou aplicación correspondente) 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª quincena setembro 	<ul style="list-style-type: none"> Acta do departamento (MD74CIN02)

Actividade	Responsables	Recursos	Calendario	Rexistro
Elaboración das programacións	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado, Equipo docente, Departamento da familia profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Currículo Programación (MD85PRO01) Memoria final de módulo do ano anterior (MD85PRO04 ou arquivo ou aplicación correspondente) Material didáctico dispoñible Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> 1ª quincena setembro 	<ul style="list-style-type: none"> Programación na plataforma edu.xunta.es/programacións ou (MD85PRO01)
Entrega das programacións. Envío a supervisión	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de departamento da familia profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega de programacións (MD85PRO02) Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Nas datas fixadas pola Xefatura de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega de programacións (MD85PRO02)
Supervisión da programación	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de estudos (XE) 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega de programacións (MD85PRO02) Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Nas datas fixadas pola inspección. 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega de programacións (MD85PRO02)
Envío da programación a Inspección	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de estudos (XE) 	<ul style="list-style-type: none"> Programacións (MD85PRO01) Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Nas datas fixadas pola inspección. 	<ul style="list-style-type: none"> Rexistro de saída. Plataforma edu.xunta.es/programacións.
Información ao alumnado respecto á programación	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado correspondente Xefatura de departamento da familia profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Programacións (impreso correspondente da plataforma edu.xunta.es/programacións ou MD85PRO01) 	<ul style="list-style-type: none"> Unha vez rematado o proceso de admisión e determine o equipo directivo. 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega de programacións (MD85PRO02) Programacións (impreso correspondente da aplicación ou MD85PRO01) accesibles para o alumnado. Enquisa o alumnado sobre acollemento (MD91SAT01 ou aplicación de enquisas)
Seguimento da programación e formulación de propostas de mellora	<ul style="list-style-type: none"> Equipo docente Departamento da familia profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Programacións (MD85PRO01) Seguimento da programación (MD85PRO03) Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Mensualmente 	<ul style="list-style-type: none"> Seguimento da programación (MD85PRO03) Acta da reunión do equipo docente (MD74CIN02) Acta da reunión do departamento (MD74CIN02) Informes xerados da plataforma edu.xunta.es/programacións

Actividade	Responsables	Recursos	Calendario	Rexistro
Realización da memoria de final de módulo Realización da memoria de ciclo	<ul style="list-style-type: none"> Profesorado correspondente Titores/as 	<ul style="list-style-type: none"> Memoria final de módulo (MD85PRO04 ou arquivo ou aplicación correspondente) Memoria final de ciclo (MD85PRO05, MD85PRO07 ou arquivo ou aplicación correspondente) Plataforma edu.xunta.es/programacións 	<ul style="list-style-type: none"> Fin de curso 	<ul style="list-style-type: none"> Memoria final de módulo (MD85PRO04 ou arquivo ou aplicación correspondente) Memoria final de ciclo (MD85PRO05 e MD85PRO07 ou arquivo ou aplicación correspondente)
Entrega das memorias	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de departamento de familia profesional 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega das memorias (MD85PRO06) 	<ul style="list-style-type: none"> Nas datas fixadas pola Xefatura de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega das memorias (MD85PRO06)
Supervisión das memorias	<ul style="list-style-type: none"> Xefatura de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de Control de entrega das memorias (MD85PRO06) 	<ul style="list-style-type: none"> Nas datas fixadas pola Xefatura de estudos 	<ul style="list-style-type: none"> Folla de control de entrega das memorias (MD85PRO06)

5 Información documentada

- PR85PRO *Programación*.
 - IT85PRO01 *Elaboración da programación*.
 - MD85PRO01 *Programación de módulo*.
 - MD85PRO02 *Folla de control de entrega das programacións*.
 - MD85PRO03 *Seguimento da programación*.
 - MD85PRO04 *Memoria final do módulo*.
 - MD85PRO05 *Memoria final do ciclo (ordinario)*.
 - MD85PRO06 *Folla de control de entrega das memorias*.
 - MD85PRO07 *Memoria final do ciclo (modular)*.
 - MD85PRO08 *Programación do módulo de proxecto*.
 - MD85PRO09 *Memoria de módulo FCT*.
- Informes xerados pola plataforma edu.xunta.es/programacions.
- Manuais de axuda da plataforma <https://www.edu.xunta.gal/programacions/>
- Informes de memorias xerados por aplicacións informáticas (de ser o caso).